

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

O seguimento das materias pendentes será levado a cabo polo profesorado que lle dea clase desa materia no curso no que a ten que recuperar. No caso das materias que o alumnado non teña que cursar pois son optativas no curso seguinte e non as elixiu, o seguimento será feito pola xefatura de departamento da materia. En todo caso, a coordinación da recuperación das materias pendentes debe facela a titora ou titor do alumnado durante o curso, pois pode implicar varios departamentos.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

De maneira xeral as actividades de apoio, reforzo e ampliación no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final deben estar dirixidas de xeito especial ao alumnado que ten que recuperar algunha das avaliacións parciais ou o contido completo do curso, mais deben poder interesar e implicar ao alumnado que xa acadou os obxectivos do curso durante as 3 avaliacións parciais.

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

O criterio xeral é que as actividades deben estar dirixidas ao alumnado que ten que presentarse á avaliación extraordinaria, sen excluír o resto do alumnado.

3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

Como criterio xeral, as clases e actividades da 1ª parte do período estarán máis centradas na preparación da ABAU, tanto para o alumnado que ten que recuperar materias como para as persoas que se presentan xa en xuño. Na segunda parte do período, estará centrado especificamente na recuperación das materias suspensas de cara á avaliación extraordinaria.

3.5. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.

3.6. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)